

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016066	CPR Plurilingüe Vila do Arenteiro	O Carballiño	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	2º Pri.	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	7
3.1. Relación de unidades didácticas	9
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	11
4.1. Concrecións metodolóxicas	27
4.2. Materiais e recursos didácticos	28
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	30
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
6. Medidas de atención á diversidade	32
7.1. Concreción dos elementos transversais	33
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	36
9. Outros apartados	37

1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2025/2026, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica.

Neste documento expónse a programación didáctica para área de ciencias sociais en 2º de Educación Primaria. Dita programación realízase para planificar o traballo docente durante o curso lectivo, organizando o proceso de aprendizaxe dos alumnos tanto a nivel temporal como no ámbito dos obxectivos, contidos e metodoloxías a utilizar que se exporán ao longo do presente documento.

Para a elaboración desta programación teremos en conta as instrucións da ORDE do 8 de maio de 2025 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2025/26 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia e a elaboración da concreción curricular (RESOLUCIÓN do 5 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no réxime ordinario no curso académico 2025/26). Ademais do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta programación, ademais de seguir a lexislación vixente en materia de educación (ver apartado correspondente), relacionase directamente co Plan Xeral do Centro, aprobado polo claustro e consello escolar. Neste ámbito integra dentro da mesma os distintos plans ou documentos aos que fai referencia o documento anterior coma son o Plan Dixital, o Proxecto Lector, o Plan de Convivencia, etc., dedicándolle un apartado nesta mesma programación onde se describe a implicación desta materia nos mesmos.

A comezos do século XXI, o sistema educativo aséntase sobre a base dunha idea común compartida por toda a sociedade: a necesidade de mellorar a calidade da educación. Este beneficio debe chegar a todos sen exclusións, polo que: calidade, igualdade, atención á diversidade e inclusión son principios indisociables uns dos outros no proceso educativo.

Deste modo, un dos principios fundamentais nos que se apoia a lei educativa, Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e que se mantén na actual Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, consiste en proporcionar unha educación de calidade en todos os niveis do sistema educativo.

Por outra banda, a socioloxía da educación actual estuda a escola como un factor importante cara a construción dunha sociedade inclusiva, polo tanto, é importante ofrecer unha educación para a igualdade e na diversidade.

Outro dos principios fundamentais é a necesidade de que todos os compoñentes da comunidade educativa colaboren para conseguir os obxectivos, xa que, os procesos educativos teñen un carácter continuo e permanente e non se esgotan no marco escolar.

A implicación do contorno familiar e social dos nenos e nenas ten unha importancia fundamental na súa formación como cidadáns autónomos, responsables e críticos ante a realidade que lles rodea. Só desde a actuación conxunta e democrática de todos os axentes implicados no proceso educativo (docentes, familias, institucións públicas, asociacións...) se poderán afrontar os retos educativos do século XXI.

É importante sinalar que na etapa de Educación Primaria comeza a escolaridade obrigatoria, o que propicia que poidan concorrer a ela os alumnos e as alumnas que cursaran Educación Infantil xunto a outros que accedan á educación formal por primeira vez. Mentres que os nenos e as nenas con experiencia escolar anterior requiren continuidade e coherencia, os de novo acceso deberán adaptarse a un contorno diferente do seu fogar e cunha disciplina que suporá un cambio interno importante no seu quefacer habitual.

1.1. A ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A finalidade da Educación Primaria é facilitar aos alumnos e as alumnas as aprendizaxes de:

- A expresión e comprensión oral.
- A lectura.
- A escritura.
- O cálculo.
- As habilidades lóxicas e matemáticas.
- A adquisición de nocións básicas da cultura.
- O hábito de convivencia.
- Os hábitos de estudo e traballo.
- O sentido artístico.
- A creatividade.

- A afectividade.

Co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, e de preparalos para cursar con aproveitamento a Educación Secundaria Obrigatoria.

Principios pedagóxicos da etapa:

- A Educación Primaria pretende desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten a cada alumno ou alumna unha adecuada adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, tendo sempre en conta o seu proceso madurativo individual, así como os niveis de desempeño esperados para esta etapa.

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa.

- Transversalmente, desde todas as áreas promoverase a igualdade entre homes e mulleres, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. Así mesmo, poñerase especial atención á orientación educativa, a educación emocional e en valores e á potenciación da aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

- A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado cunha perspectiva global e adaptarse aos seus ritmos de traballo.

- Fomentarase o hábito e o dominio da lectura dedicando un tempo diario á mesma, mediante o fomento da lectura e de alfabetización en diversos medios, tecnoloxías e linguaxes e contarase, sempre que sexa posible, coa colaboración das familias ou titores legais ou voluntariado.

- Para intensificar o fomento da integración das competencias, realizaranse proxectos significativos para o alumnado que resolverán tanto individualmente como de forma colaborativa, reforzando deste xeito a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- No proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira priorizarase a comprensión, a expresión e a interacción oral, utilizando a/s lingua/s materna/s só como apoio.

Débase ter en conta que a Educación Primaria cumpre a importante misión de socialización e compensación, e correspóndese co inicio da adquisición polo alumnado das destrezas instrumentais básicas e coa súa aplicación ao medio e á cultura, así como tamén co desenvolvemento da súa heteronomía, ata chegar á autonomía persoal, espacial, temporal, intelectual, social e moral.

Toda actividade que pretenda culminarse con éxito necesita ser planificada previamente e atendendo ó Capítulo II da Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación infantil e colexios de Educación Primaria, é labor do docente a elaboración da programación evitando deste xeito a improvisación, anticiparnos aos imprevistos e a afrontar o día a día sabendo o que temos que facer. Pero, que é realmente programar?

Segundo Gil Madrona (2003) é "anticiparse de forma reflexiva ó proceso educativo, o que supón describir previamente unha actividade nas súas diferentes fases e elementos e onde se sistematiza, ordena e secuencia eficazmente o traballo". Consiste en dar sentido ás diferentes variables: grupo, obxectivos, metodoloxía, tempo, recursos e avaliación.

1.2. XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

1.2.1. XUSTIFICACIÓN XERAL DA PROGRAMACIÓN

O obxectivo desta programación é planificar e organizar a acción docente ao longo do curso 2025/2026. Dirixir a aprendizaxe dos alumnos e as alumnas na materia de ciencias sociais e ser unha guía que permita a eficiente transmisión de coñecementos ao alumnado e a mellor comprensión e asimilación destes.

Ter presente en todo momento a programación anual evita problemas derivados dunha actuación improvisada e/ou rutineira. Polo tanto, planificación e deseño da mesma deber ter en conta os diferentes aspectos a ter en conta, metas (competencias e obxectivos); os coñecementos, procedementos e condutas sobre os que imos traballar (contidos); as estratexias, métodos, actividades, instrumentos e medios que axudarán a conseguilo (metodoloxía); e, finalmente, o modo no que imos contrastar que o proceso que deseñamos serve para conseguir o que pretendemos (avaliación).

É evidente que o grupo de alumnos que nos atopamos nunha aula non é homoxéneo e isto ten que contemplarse na programación didáctica, tendo en conta as súas características, a súa contorna, os seus intereses, as súas capacidades, etc.

E, dado que as características do alumnado non son uniformes, a programación expón as medidas de atención á diversidade en coordinación co departamento de orientación para que os alumnos/as que o precisen poidan alcanzar os obxectivos e competencias do currículo ou ampliar os mesmos, no caso de altas capacidades.

O labor de planificación apóiase tanto no enfoque competencial e principio de funcionalidade, como no principio de equidade educativa. Débase garantir a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación actuando como elemento compensador de desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven dalgún tipo de discapacidade.

1.2.2. XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN PARA A ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS EN 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

A presente programación docente está dirixida ao alumnado do 2º curso de Educación Primaria para o curso académico 2025/26 na área de Ciencias Sociais.

A área de CIENCIAS SOCIAIS está deseñada co obxectivo de que as nenas e os nenos sexan activos, responsables e respectuosos co seu contorno inmediata e afastada. O paso do tempo e a interpretación da acción humana como responsable do cambio implica que os alumnos han de adoptar un coñecemento de si mesmos e do contorno que lles rodea, adaptándose a el e sendo capaces de contribuír ao seu avance e conservación. Isto significa tamén o recoñecemento da diversidade como riqueza multicultural, a resolución pacífica de conflitos e a aplicación crítica de mecanismos democráticos de participación cidadá, todo iso baseado na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, na Convención sobre os Dereitos do Neno, e nos principios contidos no Estatuto de Autonomía de Galicia e na Constitución.

Os alumnos deben adquirir os coñecementos, as habilidades e as actitudes relacionadas co uso seguro de fontes fiables de información. Incidirase na educación para a implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030, o respecto á diversidade, a actividade etnocultural, a cohesión social, o emprendemento, a valorización e conservación do patrimonio, e a defensa da igualdade efectiva entre mulleres e homes; en definitiva, nenas e nenos comprometidos co planeta e as persoas, que se converterán en adultos con intereses e inquietudes por preservar o medio ambiente que lles rodea.

A área de CIENCIAS SOCIAIS estrutúrase en catro bloques:

- Ciencia e Tecnoloxía.
- O mundo e ou desenvolvemento sostible.
- Vivir en sociedade.
- Leccións do pasado.

A gradación destes contidos, a súa programación e a súa secuenciación non deben seguir necesariamente unha certa orde cronolóxica, senón que deben traballarse de forma integrada, adaptándose ás intencións didácticas e esixencias formativas que os alumnos requiren.

1.3. CONTEXTUALIZACIÓN

O Colexio Plurilingüe Vila do Arenteiro é un centro concertado (centro privado sostido con fondos públicos) que se atopa na Urbanización de Corzos dentro do termo municipal de O Carballiño (a menos de 2 km. do seu centro urbano) pero e limítrofe co concello de Maside, xa que a vía que pasa por diante e unha pequena parte da superficie que ocupa pertencen a este segundo Concello.

A súa oferta educativa é a seguinte:

Escola Infantil (Educación Infantil de 0 a 3 anos).

- Educación Infantil de 3 a 6 anos.
- Educación Primaria.
- Educación Secundaria.
- Tres aulas de Ed. Especial.
- 2 Aulas de Psíquicos
- 1 Aula de Plurideficientes.

O centro educativo so ten unha liña que engloba dende 4º de Educación Infantil (3 anos) ata 4º de Educación Secundaria.

A maior parte dos alumnos que entran na etapa de Educación Secundaria proveñen da Etapa de Primaria realizada no propio centro, e a súa vez, esta última nútrese maioritariamente do alumnado de educación infantil.

A urbanización na que se atopa e unha zona residencial formadas preferentemente por vivendas individuais (chalet), contando cunha zona común de espacemento e un ximnasio privaso con piscina climatizada. É limítrofe co Polígono Industrial da Uceira e a menos dun kilómetro dispón de dúas superficies comerciais dedicadas a alimentación.

A características da súa localización e que é unha edificación de dúas plantas nun paraxe natural idóneo para o contacto do alumnado ca natureza debido as amplas zonas axardinadas no seu interior e estar rodeado de zonas boscosas e praderío.

O centro dispón de dúas pistas deportivas, un pavillón cuberto e espazo para o entretemento nos momentos de lecer (recreos). Posúe laboratorio, sala de informática, comedor, biblioteca, aula de audiovisuais e de idiomas.

O nivel socio-cultural da poboación escolar é medio-alto; as familias compóñense por un ou dous proxenitores ao redor dos 35-40 anos de idade, cun ou dous fillos, xeralmente. É reseñable o incremento de novas formas de familia distintas á tradicional. A maioría de pais e nais do alumnado traballa fóra de casa. Moitos deles son profesionais liberais, funcionarios, profesores, comerciais, administrativos, etc. A maior parte ten unha formación media e moitos dispoñen de estudos universitarios, valoran positivamente a formación académica e cultural dos seus fillos e colaboran co centro.

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA) adoita encargarse dalgunhas actividades como é a campaña de igualdade ou a recollida de xoguetes para os máis necesitados, tamén fomenta a lectura con sorteo de libros nas datas sinaladas.

O centro funciona con horario de mañá e tarde conforme ao horario exposto no apartado correspondente. As

actividades deportivas e extraescolares desenvólvense os xoves e venres pola tarde.

O edificio consta de dúas plantas e catro zonas ben diferenciadas. No lateral dereito, visto dende a entrada, está a Escola Infantil e as tres aulas de Educación Infantil, no lateral dereito están as aulas de Educación Primaria e o acceso ao pabillón. No centro de dita planta baixa está a cociña e o comedor escolar, sendo os laterais da entrada os correspondentes a dirección e sala de profesores (dereita) e aula de Logopeda, Audición e Linguaxe e aula de Pedagogía Terapéutica. Na planta superior, na parte central están as aulas de Educación Secundaria, Informática e Tecnoloxía (parte posterior) e Biblioteca e aula de Inglés (anterior). No lateral esquerdo da parte superior está o Laboratorio, as dúas aulas de Pedagogía Terapéutica, Apoio e Audiovisual.

O centro dispón dun espazo web, como aula virtual para cada materia e grupo utiliza a plataforma G-Suite e Educamos para a comunicación cos pais onde mediante o seu nome de usuario e contraseña os alumnos ou pais (dependendo da plataforma) poden acceder e consultar as diferentes propostas dos profesores ou dirección do centro (véxase o epígrafe Plan Dixital do Centro). As aulas de clase son todas exteriores, ben iluminadas e ventiladas, e dispoñen do mobiliario e os materiais axeitados para o uso. Cada aula conta cun taboleiro dixital para apoio educativo. As instalacións exteriores son o patio, un ximnasio cuberto e dúas pistas de deportivas.

1.4. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O alumnado de segundo de primaria está caracterizado por unha serie de trazos evolutivos que afectan o seu desenvolvemento cognitivo, motriz, afectivo social e lingüístico.

Dimensión cognitiva. Atópanse nun período de transición, accedendo ao estadio das operacións concretas (Piaget). Necesitan da manipulación para chegar á adquisición de conceptos, van coñecendo a través da súa experiencia persoal, observación- experimentación-solución. O seu pensamento é sincrético e analóxico, polo que establecen analogías sen realizar análise nin deducións. Van adquirindo o pensamento causal para a explicación dos feitos. Presentan características do pensamento máxico e superación progresiva do egocentrismo.

Dimensión afectivo-social. Teñen aínda unha forte dependencia das súas figuras próximas, melloran o seu control emocional. Están a desenvolver o seu proceso de socialización, posúen os hábitos básicos para a vida en grupo, polo que van sendo capaces de entender e respectar as normas de convivencia. Inician un maior achegamento aos compañeiros e presentan unha maior dependencia deles. Tamén aumenta o interese polos xogos regrados, nos que se comparten normas cos demais. Van afianzando o seu autoconcepto e autoestima, moi influenciados pola imaxe que lle transmiten os demais.

Dimensión psicomotriz. Están a consolidar o seu esquema corporal, afirmando a lateralidade, perfeccionando a psicomotricidade fina e grosa, van adquirindo progresivamente independencia dos segmentos corporais. A organización espacial e temporal está respectivamente relacionadas co seu corpo e as súas experiencias persoais.

Dimensión lingüística. As experiencias que lle ofrecen a escola e os amigos, o acceso aos medios de comunicación e á lectura proporcionan ao alumno gran variedade de modelos e usos da linguaxe. Aprenden a variar o rexistro en función do contexto, a situación e os interlocutores. Adquiren novo vocabulario, logrando a ampliación e dominio do repertorio fonético, e unha mellora significativa da competencia lectora. Diminúen as formas demostrativas de egocentrismo.

En liña co anteriormente exposto, os principios metodolóxicos que van orientar a nosa práctica educativa en segundo de primaria son os seguintes:

Metodoloxía activa

Supón atender a dous aspectos intimamente relacionados:

- Integración activa dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.
- Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de Ensinanza/Aprendizaxe.

Motivación. Consideramos fundamental neste ámbito partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo e a activa participación das familias na dinámica escolar.

Autonomía na aprendizaxe. Como consecuencia dos dous puntos anteriores, a metodoloxía favorece a maior participación dos alumnos. Concrétase nos seguintes aspectos:

- A utilización dunha linguaxe sinxela, claro e estruturado na presentación dos novos contidos.
- A gradación das actividades, en función do grao de habilidade e autonomía que requiren.
- A énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe, que inclúen unha reflexión sobre os contidos obxecto de estudo e unha revisión final.

Programación cíclica. Integrada nos obxectivos xerais da etapa; e unha rigorosa selección dos contidos, que reforzan o aprendido anteriormente e abren o coñecemento cara a novos temas.

Atención á diversidade do alumnado. Tendo sempre en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, así como os seus distintos intereses e motivacións.

Sensibilidade pola educación en valores. O progresivo acceso a formas de conduta máis autónomas e a crecente socialización do alumnado fai obrigada a educación en valores. Esta contéplase na presentación explícita de actividades que conducen á adopción de actitudes positivas sobre o coidado do propio corpo, a conservación da

natureza, a convivencia...

Avaliación do proceso educativo. A avaliación do proceso educativo entendemos que debe ser global, abarcando todos os aspectos do proceso educativo e propiciando a retroalimentación, con achega de informacións relevantes que permiten reestructurar a programación cando sexa preciso.

Este curso comeza con 11 alumnos e alumnas. Nove deles proceden do primeiro curso de educación primaria do propio centro, dous veñen novos doutros colexios.

1.5. MARCO LEGAL

A modificación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) coa aprobación da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, (LOMLOE), supuxo a regulación dunhas novas ensinanzas mínimas para as etapas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato; a actualización dos currículos das áreas/materias/ámbitos que se impartían no sistema educativo galego e a publicación de nova normativa na Comunidade Autónoma de Galicia.

A programación seguindo a normativa exposta a continuación.

- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

- ORDE do 8 de maio de 2025 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2025/26 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

- RESOLUCIÓN do 5 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no réxime ordinario no curso académico 2025/26.

- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- LOE Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio.

- LEI ORGÁNICA 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (na súa versión consolidada).

- LOMLOE Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

- DECRETO 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- REAL DECRETO 476/2013, do 21 de xuño, polo que se regulan as condicións de cualificación e formación que deben posuír os mestres dos centros privados de Educación Infantil e de Educación Primaria.

1.7. HORARIO

Luns 11:50 - 12:50

Mércores 15:00 - 16:00

Xoves 11:50 - 12:50

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3	2	4	1-2-3-4-5				4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e as propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, aos dereitos humanos e da infancia e aos principios e valores do Estatuto de autonomía de Galicia, da Constitución española e da Unión Europea, valorando a función do Estado e das súas institucións no mantemento da paz e da seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	1. Observamos a paisaxe	A situación de aprendizaxe invita o alumnado a reflexionar sobre as diversas paisaxes que hai ao noso arredor, diferenciar entre os elementos naturais e os construídos polo ser humano, ademais de analizar os cambios que estes sofren tanto polo paso do tempo como cos cambios de estacións ou as diferenzas producidas nos terreos, dependendo de se están situados na costa ou en zonas de interior.	15	15	X		
2	2. Vivimos nunha localidade	Nesta unidade sinálase que as localidades poden ser de diversos tamaños e isto inflúe notablemente na vida dos seus cidadáns. Neste momento centrámonos nas diferentes estruturas poboacionais, segundo se viva nunha vila ou aldea ou nunha cidade, e como afecta ao modo de vida dos seus veciños, á súa tranquilidade e mesmo á súa formación e orientación laboral. Queremos centrarnos na importancia de convivir axeitadamente cos nosos veciños e por iso todos debemos respectar e cumprir unha serie de normas de convivencia.	15	15	X		
3	Reto. MANTER SAN O NOSO CORPO	O reto deste primeiro trimestre oríentase cara ao desenvolvemento de hábitos de autocoidado, tanto no aspecto físico como nos aspectos emocional e afectivo. Sentímonos ben, somos capaces de comprender as nosas necesidades e regular o noso comportamento en relación con elas. A reflexión sobre o que supón en cada caso sentirse ben pode ser un bo enfoque que oriente algúns debates na clase e certo número de actividades ao longo do trimestre.	4	5	X		
4	3. Valoramos todos os traballos	Nesta unidade analízase que desde idade temperá todos os alumnos se preguntan que serán de maiores, cal será a súa profesión. Incídese en que existen moitos traballos diferentes, sinalando que algunhas persoas traballan na natureza e grazas a elas obtéñense alimentos e outros materiais; outras traballan en fábricas transformando eses materiais en produtos elaborados; e outras dedícanse a prestar servizos a outras persoas.	15	15		X	
5	4. Necesitamos auga e aire	Nesta unidade préstase atención a que a	15	15		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	4. Necesitamos auga e aire	auga e o aire son bens imprescindibles para a supervivencia de todos os seres vivos que habitan o planeta, por iso tanto a contaminación do aire como o uso abusivo da auga son dous riscos inasumibles para a saúde ambiental. Así, imos tratar de analizar os factores que inflúen na conservación destas fontes de vida. A partir desta unidade didáctica, o alumnado coñecerá máis a fondo contidos relacionados coas extensións de auga presentes no noso planeta e as súas características, ademais de analizar o aire e os fenómenos atmosféricos que nos afectan e como a intervención humana está a producir un cambio climático cuxas consecuencias xa se ven reflectidas no noso contorno máis próximo, cun aumento de temperaturas e escaseza de auga en determinados momentos nalgúns zonas do planeta.	15	15		X	
6	Reto. AFORRAR AUGA	Desde o punto de vista da transversalidade deste reto, o coñecemento desde o enfoque de distintas áreas, por unha parte, e a implicación afectiva co contorno, por outra, posibilitarán que o alumnado comprenda o que pode facer en relación co aforro da auga e desenvolva unha crecente responsabilidade persoal cara ao coidado do medio natural e, por extensión, de todos aqueles ámbitos nos que actúa.	3	5		X	
7	5. Descubrimos o universo	A situación de aprendizaxe invita o alumnado a pensar sobre o que existe máis alá do planeta Terra, observar a imaxe dun astronauta e reflexionar sobre a multitude de preguntas que lles gustaría que fosen contestadas. Desde este abano de preguntas, algunhas cuestións poderían ser: analizar que hai no universo, como é a Terra e como se representa, cales son os seus movementos, que vemos no ceo de noite e que é un sistema solar.	15	15			X
8	6. Coñecemos a nosa historia	Nesta unidade a situación de aprendizaxe parte da nosa historia persoal e familiar. A través das vivencias familiares, internarémonos nas formas de vida e tradicións populares e como estas marcan as formas de actuar na actualidade, ademais de explorar os restos do pasado aínda presentes e descubrir personaxes do pasado cuxa influencia persiste hoxe en día.	15	15			X
9	Reto. MELLORAR O NOSO BARRIO	Neste reto propóñense actuacións concretas que permitan mellorar o contorno próximo do alumnado. En relación con isto,	3	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Reto. MELLORAR O NOSO BARRIO	trátase de que cada persoa comprenda que ten un papel protagonista na mellora do escenario no que vive e que, pouco a pouco, vaia tomando iniciativas neste sentido. O coñecemento do que rodea o lugar no que se desenvolve a vida dos nenos e nenas, dos recursos que ofrece e das posibilidades de mellora abórdase neste reto desde as distintas áreas curriculares.	3	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	1. Observamos a paisaxe	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Empregar diferentes técnicas de indagación sinxela.	PE	30
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Establecer conexións simples entre diferentes elementos do contorno natural, social e cultural.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Recoñecer e respectar o patrimonio natural e cultural como un ben común.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Usar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.	TI	70
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Facer predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, dos coidados, da corresponsabilidade e da protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o solo e a auga.	Valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Establecer conexións simples entre diferentes elementos do contorno natural, social e cultural.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Posibilidades seguras de procura guiada de información na internet. - Orientacións espaciais, nocións básicas para que lle permitan orientarse nun debuxo, nun plano ou en maquetas simples da contorna máis próxima. - Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, a mellora e o uso sustentable dos bens comúns. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
2	2. Vivimos nunha localidade	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.	PE	55
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Empregar diferentes técnicas de indagación sinxela.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Facer preguntas e predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Recoñecer e respectar o patrimonio natural e cultural como un ben común.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Informar sobre formas de vida do pasado.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos ou recursos dixitais de forma segura.	TI	45
- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Tipos de profesións presentes na contorna próxima e relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, desde unha perspectiva de xénero: similitudes, diferenzas e ferramentas que empregan. - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Posibilidades seguras de procura guiada de información na internet. - Orientacións espaciais, nocións básicas para que lle permitan orientarse nun debuxo, nun plano ou en maquetas simples da contorna máis próxima. - Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, a mellora e o uso sustentable dos bens comúns. - Hábitos de vida sustentable. O aire como elemento imprescindible para a vida. A contaminación atmosférica - Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura da paz e non violencia. - A localidade e o seu goberno. O concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía. A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos, culturais? - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas básicas nos desprazamentos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero. - Medios de transporte máis comúns na contorna, recoñecendo os máis adecuados para as persoas e/ou mercadorías. - Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias. - O ciclo vital e as relacións interxeracionais. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. Tomade conciencia do paso do tempo, ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna... - As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado. A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado. Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

Desde o punto de vista da metodoloxía, ponse o foco nos seguintes aspectos

1. Educación integral orientada a formar persoas...

- Indagadoras e analíticas
- Informadas e cultas
- Reflexivas e críticas
- Boas comunicadoras
- Colaboradoras e participativas
- Comprometidas e éticas
- Creativas
- Respectuosas e con mentalidade aberta.

2. Desenvolvemento sostible desde o punto de vista ambiental e social:

- Para educar cidadáns globais, persoas comprometidas consigo mesmas, cos demais e co planeta.
- Todos os elementos débense orientar a que o alumnado reflexione sobre os retos do século XXI e deben contribuír á construción dun mundo mellor.

3. Proxecto conectado coa realidade que promove a aprendizaxe competencial. Para iso, cada unidade didáctica organízase ao redor dunha situación de aprendizaxe, unha experiencia de aprendizaxe (problema, tema, reto...) motivadora, real e próxima ao alumnado. As unidades seguen unha ruta didáctica en catro fases:

- Espertar a curiosidade do alumno e tomar conciencia da situación-problema.
- Aprendizaxe orientada cara aos contidos necesarios e o desenvolvemento das habilidades de pensamento.
- Aplicación do aprendido en tarefas complexas, con forte sentido competencial e actitudinal.
- Consolidación, valoración do aprendido e personalización.

4. Aprendizaxe personalizada mediante a flexibilización de adaptacións para que responda á diversidade de realidades educativas.

5. Avaliación formativa para avaliar todas as fases do proceso educativo, cunha gran diversidade de instrumentos, incluíndo a participación do propio estudante

6. Ensino dixital para desenvolver a competencia dixital do alumnado e tamén como ferramenta de ensino e aprendizaxe.

7. Enfoque multidisciplinario e, aínda que cada unha área ten sentido propio, propónse un gran número de dinámicas interdisciplinarias que contribúen a unha aprendizaxe profunda e que permiten interrelacionar saberes e fortalecer as aprendizaxes das áreas instrumentais.

8. Integración de novos saberes:

- Alfabetización informacional.
- Competencias STEAM.

Secuenciación dos proxectos cooperativos (retos) ao longo do curso

Os retos son situacións de aprendizaxe transversais que se abordan nas diferentes áreas desde a perspectiva propia de cada disciplina. Deste xeito, todas as áreas contribúen, desde os seus enfoques particulares, á formulación global do proxecto, integrando saberes para que o alumnado avance nas súas competencias, relacione aprendizaxes e se converta en protagonista da súa evolución.

Durante o reto aplicaranse os coñecementos adquiridos no trimestre a través de diferentes actividades nas distintas áreas e ámbitos, que se conxugarán e modularán para realizar un traballo cooperativo e que permitirán ao alumnado aprender a valorar os resultados do proceso.

Primeiro trimestre

Neste reto propóñense actuacións concretas que permitan mellorar o contorno próximo do alumnado. En relación con isto, trátase de que cada persoa comprenda que ten un papel protagonista na mellora do escenario no que vive e que, pouco a pouco, vaia tomando iniciativas neste sentido.

O coñecemento do que rodea o lugar no que se desenvolve a vida dos nenos e nenas, dos recursos que ofrece e das posibilidades de mellora abórdase neste reto desde as distintas áreas curriculares. Desde este contexto, póñense en relación os seguintes aspectos:

- Como sería o espazo no que nos gustaría vivir?
- Que elementos fan que os habitantes dun determinado lugar se sintan ben?
- Que podemos facer nós para contribuír á mellora do noso espazo próximo?

Segundo trimestre

Desde o punto de vista da transversalidade deste reto, o coñecemento desde o enfoque de distintas áreas, por unha parte, e a implicación afectiva co contorno, por outra, posibilitarán que o alumnado comprenda que pode facer en relación co aforro da auga e desenvolva unha crecente responsabilidade persoal cara ao coidado do medio natural e, por extensión, de todos aqueles ámbitos nos que actúa.

A tarefa que se propón no reto céntrase en dous aspectos básicos, relacionados coa auga:

- A reflexión sobre a importancia da auga no planeta e a idea de que é un ben escaso, moi valioso e que hai que coidar de forma responsable.
- A interiorización das opcións que temos todas as persoas para levar a cabo accións de aforro e coidado da auga no noso contorno.

Terceiro trimestre

Neste reto propóñense actuacións concretas que permitan mellorar o contorno próximo do alumnado. En relación con isto, trátase de que cada persoa comprenda que ten un papel protagonista na mellora do escenario no que vive e que, pouco a pouco, vaia tomando iniciativas neste sentido.

O coñecemento do que rodea o lugar no que se desenvolve a vida dos nenos e nenas, dos recursos que ofrece e das posibilidades de mellora abórdase neste reto desde as distintas áreas curriculares.

Desde este contexto, póñense en relación os seguintes aspectos:

- A importancia de coidar os parques e xardíns da nosa localidade para que estean limpos e poidan xogar neles con seguridade.
- Reflexión sobre as posibles melloras que lles gustaría incorporar para gozar entre todos dun contorno limpo, seguro e saudable.

Neste último reto do curso, promóvese o seu pensamento crítico, adquiren valores persoais e sociais e desenvolven habilidades comunicativas esenciais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Computador de aula
PDI
Computadores da sala de informática
Recursos bibliográficos (biblioteca)
Material funxible
Globo terráqueo

Aula virtual do centro
Libreoffice writer // Word
Genially
Liveworksheets
Kahoot
Fichas elaboradas polo docente
Material fotocopiable
Recursos para o profesorado: Ciencias Sociais (e-vocación)
Diversos vídeos pedagóxicos en Youtube
Canal Youtube (https://www.youtube.com/@vpn4111)
Aula virtual do centro (Educamos)
Espazo Abalar - Comunicación coas familias.

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten a súa aprendizaxe.

As ferramentas e materiais novedosos funcionan como eixe motivador na aprendizaxe do alumnado.

Tamén direi que, de acordo coa normativa vixente, o espazo será natural, amplo, motivador, dinámico, flexible, accesible, funcional, seguro e suxestivo. Debe estar delimitado e contar co material necesario.

En canto ao tempo será flexible e adaptado aos nenos, distribuíndose en torno aos criterios de:

- Flexibilidade adaptándonos aos ritmos de cada un.
- Intervalos de tempo curtos para cada actividade.

A presenza de rutinas é importante posto que proporcionan aos nenos/ás seguridade e confianza e axúdanlles na adquisición de hábitos, na estruturación das súas vivencias, así como a interiorizar as nocións espaciais e temporais. Trátase de actividades que se producen cada día de forma regulada e sistemática.

En canto aos recursos, para seleccionalos, o docente terá en conta os seguintes principios: que sexan funcionais, que permitan experimentar, que sexan axustados ao desenvolvemento dos nenos e que fomenten as relacións persoais, así mesmo que sexan seguros, de boa calidade, abertos e variados. Para o desenvolvemento desta programación teranse en conta tanto os recursos materiais coma os humanos.

En relación co anterior, dividiremos os recursos en:

- **PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.
- **MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, láminas de apoio visual, libros de consulta,...
- **TECNOLÓXICOS:** ordenadores, pizarras dixitais, proxectores, tablets, etc.
- **DIXITAIS:** enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais.
- **ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso (4 sesións).

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Para obter dita información, podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual...

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás caracterísitcas do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:

Do grupo da clase

a. Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral. Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo. Tamén se incorporarán datos relativos a alumnos con necesidades especiais, discapacidades ou dificultades de aprendizaxe.

b. Formulación de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa.

De cada alumno en particular

c. Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros.

d. Entrevistas.

e. Autoavaliación.

f. Rutinas de pensamento.

g. Cuestionarios de avaliación inicial

h. Probas de avaliación inicial.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	4	15	15	3	15
Proba escrita	30	55	40	45	40	55	40
Táboa de indicadores	70	45	60	55	60	45	60

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	3	100
Proba escrita	50	40	43
Táboa de indicadores	50	60	57

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos...

A realización do traballo da aula (probos escritos, organización e limpeza dos cadernos...) suporá un 70% da nota, a realización do traballo da casa (deberes ou traballos específicos), suporá un 10% e a actitude na aula (escoita, participación, esforzo e colaboración) suporá un 20%.

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

Cada trimestre avaliarase do seguinte xeito:

1º trimestre: U.D. 1 (35%) + U.D. 2 (35%) + RETO (10%) + RÚBRICA (comportamento, traballo diario...) 20%

A nota final calcularase facendo a media de todas as avaliacións do curso, tendo en conta a natureza continua, global e formativa da avaliación e atendendo ás seguintes porcentaxes

O peso de cada trimestre na nota final será o seguinte:

1º - 30%; 2º - 30%; 3º - 40%

A pesares disto, aplicárase un criterio de flexibilidade atendendo a razón psicopedagóxicas, etc.

Elementos para a cualificación:

Avaliación continua e formativa

- Portafolio, coa colección de producións gráficas do alumno, permite ao profesorado avaliar con evidencias obxectivas non só o produto final, senón tamén o proceso que os estudantes seguiron para a súa realización.
- Lista de cotexo con criterios obxectivos, claros, relevantes e relacionados coas aprendizaxes a avaliar. Propónse unha serie de trazos a observar sobre os que o docente ha de sinalar a presenza ou ausencia.
- Diana para avaliar actitudes persoais, que permite obter conclusións sobre as actitudes persoais do alumnado en canto a participación, cumprimento das normas, responsabilidade, respecto aos compañeiros e coidado do material, así como realizar comparacións na evolución destas actitudes ao longo dun período de tempo.
- Rúbricas, que son unha poderosa ferramenta para a autorregulación da aprendizaxe, dado que indican o camiño a seguir ao longo do proceso, á vez que posibilitan unha avaliación obxectiva de actitudes e comportamentos non facilmente medibles con outros instrumentos.
- Cuestionarios de autoavaliación, constitúen ferramentas moi eficaces para que os alumnos poidan medirse e comprobar os seus avances.
- Probos de avaliación das unidades didácticas, son unha ferramenta apropiada para comprobar a adquisición dos saberes básicos e o desenvolvemento das competencias dunha forma fiable e obxectiva. As probas de avaliación da unidade fomentan o pensamento e contribúen á aprendizaxe significativa, permitindo avaliar en que medida o estudante adquiriu determinadas aprendizaxes, se sabe relacionar diferentes saberes entre si e se é capaz de transferir as destrezas adquiridas a outro contexto cunhas particularidades distintas (sen apoios, con tempo limitado...).

Avaliación trimestral ou sumativa.

- Escala de valoración do caderno persoal do alumnado, permite facer un seguimento do seu desempeño, ademais de ser un medio de comunicación entre a familia e a escola. A escala permite valorar a presentación, a organización e a execución das actividades e tarefas incluídas no caderno.
- Escala de coavaliación, que favorece a aprendizaxe do alumnado, permite interiorizar os criterios de éxito ao examinar as producións doutros compañeiros, á vez que se identifican elementos de calidade e boas actitudes tanto no traballo dos demais como no propio.
- Escala de valoración do reto trimestral, contén criterios específicos para cada área e curso que permite valorar o traballo realizado polo alumnado, tanto individualmente como en equipo, nos retos trimestrais relacionados cos ODS.
- Probos de avaliación trimestrais, teñen carácter acumulativo e están destinadas a valorar o progreso do alumno en relación cos saberes básicos traballados no trimestre. Estas probas están baseadas en contextos e situacións da vida real e, a miúdo, parten dunha situación-problema.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

Cando un alumno/a non alcance o nivel suficiente na área, teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

- a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno-a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planifícanse actividades individuais de traballo.
- c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planifícanse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.
- d) A resposta educativa para a recuperación reflexarase no Plan de Traballo Individualizado.
- e) Para obter unha calificación positiva teranse en conta:
- f) O nivel de coñecementos.
- g) O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

Sempre se terá en conta a avaliación global conforme aos criterios do apartado anterior.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa adecuada atención é un dos piares básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna ten unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas. Esta diversidade está constituída pola totalidade do alumnado para quen se dirixe esta programación baixo os principios de normalización, equidade, flexibilidade, igualdade de oportunidades, inclusión e non discriminación reflectidos na ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, segundo os seus problemas na aprendizaxe, diferentes ritmos, motivacións, intereses ou de convivencia.

Dita atención farase a través de medidas preventivas e ordinarias de adecuación da programación, xa que, esta programación se presenta como unha programación aberta e flexible, capaz de dar resposta á diversidade e pluralidade do alumnado como seres individuais que é cada un coas súas diferenzas. A atención á diversidade supón un concepto amplo de acción educativa que intenta dar resposta ás dificultades de aprendizaxe, ás discapacidades sensoriais, físicas, psíquicas e sociais, aos grupos de risco, ás minorías étnicas, ao alumnado con altas capacidades intelectuais, aos inmigrantes, ao alumnado con intereses especiais e a calquera outra necesidade educativa diferenciada e especializada.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller as medidas de atención á diversidade, como poden serán o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica, así como as adaptacións curriculares, ou un modelo flexible de horario lectivo semanal, que se seguirá para responder ás necesidades educativas concretas do alumnado. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

O desenvolvemento destas medidas, complementarase coa programación e realización de actividades motivadoras que busquen alternativas ao programa curricular das materias instrumentais e que intenten responder aos intereses do alumnado e á conexión co seu contorno social e cultural. Entre estas actividades, considéranse aquelas que favorezan a expresión e comunicación oral e escrita, tales como a realización de teatros, xornais escolares, así como o dominio da competencia matemática, a través da resolución de problemas cotiáns.

Tal e como indica a lexislación vixente ao respecto o alumnado que permaneza un ano máis en 2º de Educación Primaria, seguirá un plan específico de reforzo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Creatividade	X
ET.6 - Emprendemento	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable	X
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.	X
ET.14 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual	X

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas á contorna	Coñeceremos a contorna máis próxima, coas súas características, elementos que a conforman, etc.	X	X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas deportivas a outras localidades.	No primeiro trimestre sairemos a unha localidade próxima a participar nunha carreira campo a través.	X		
Interpretación de cancións de nadal.	Interpretaremos diferentes cancións no festival de fin do 1º trimestre en colaboración coa mestra de música e outras clases.	X		
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.	X	X	X
Obradoiros	Relaxación e xestión de emocións, música e reciclaxe, xornadas inter e culturais, axudamos na casa, as matemáticas na nosa vida, aprendemos a comunicarnos...	X	X	X
Saídas culturais.	Visita a un museo, exposicións, lugares de interese...			X
Realización dunha actuación a final de curso.	En colaboración coa mestra de música, realizarase unha actuación no festival de final de curso.			X

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

Participación en festividades, campañas, celebracións, etc., tales como:

- 31 de outubro de 2025: Día do ensino/Samaín.
- 20 de novembro de 2025: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2025: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 3 de decembro de 2025: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- A semana do 6 de decembro de 2025: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 10 de decembro de 2025: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2026: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2026: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2026: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2026: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2026: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- A segunda semana de marzo de 2026: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 1 de abril de 2026: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2026: Día Mundial da Saúde.
- A semana do 23 de abril de 2026: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2026: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2026: Día de Europa.
- A semana do 17 de maio de 2026: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2026: Día Mundial do Medio Ambiente.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes actividades e tarefas?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes tarefas ou actividades?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Medidas de atención á diversidade
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Adáptanse as tarefas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE?
Clima de traballo na aula
Conseguiuse motivar ao alumnado?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?
Outros
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas. A información para avaliar todos estes items estará recollida no diario de sesións e no rexistro anecdótico de cada unha das Unidades Didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas ao longo dos tres trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 1º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

Como se vén dicindo, a programación será avaliada a partir dun enfoque formativo durante diversos períodos ou fases do curso escolar e mediante un enfoque sumativo ao finalizar o curso. Os resultados destes procesos de avaliación servirían, por unha parte, de base para a elaboración da Memoria Anual e, por outra, de información

retroactiva sobre a análise do contexto.

Os procesos de avaliación deberán realizarse coa axuda de técnicas ou instrumentos adecuados. Ao elaborar os instrumentos será moi útil incorporar e utilizar unha ampla gama de recursos e técnicas: entrevistas, análise documentais, etc.

Os sucesivos indicadores que proporciona a avaliación formativa ao longo do curso escolar sobre a aplicación da programación deberán ser recollidos e, unha vez ao ano, ao finalizar o curso, efectuar a avaliación de carácter sumativo. Dita avaliación será recollida e tida en conta na elaboración das programacións do próximo curso.

9. Outros apartados

1. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Teremos en conta a LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e o DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, suscribindo esta programación ao establecido no Plan de Convivencia, incluído na PXA. Ademais, é compromiso do centro difundir as ferramentas de axuda existentes no centro: profesorado, titores, Departamento de Orientación, equipo directivo, Consello escolar... Así como aplicar as medidas correctoras axeitadas. Destaco os seguintes puntos, entre outros:

- Pasar ao XADE tanto as faltas de puntualidade como as de asistencia.
- Dialogar co alumnado e co resto do profesorado.
- Informar ou pedir información ás familias, aos titores e ao Departamento de Orientación sobre a conduta e necesidades do alumnado.